

CHISCO FDEZ. NAVAL, O HOME TRANQUILO

ALTERNA O FUNCIONARIADO COA ESCRITA, COMO
ANTES O FIXERON KAFKA OU GESUALDO BUFALINO

Texto: Xurxo Fernández Fotos: Antonio Hernández e Maribel Longueira



Chisco (centro), entre Antía Otero e Cesáreo Sánchez Iglesias, nun acto de Poeta en Compostela

Falar con Chisco Naval é altamente estimulante. Un home que estivo sempre cumprindo misións de funcionario para cubrir o expediente do pote, de levar o cocido para a casa, é tan organizado que poderíamos dicir que non hai ano que non publique libro. Falamos con el de todo. Especialmente, lóxico, de literatura.

– Se fixeramos unha enquisa en todo o estado, seguro que casi todo o mundo opinaría que se le pouco. Pero, ¿lése ou non en Galicia?

– Pretendo ser optimista respecto diso. En principio poderíamos dicir que ler non é sinónimo de mercar libros. A rede pública de bibliotecas medra cada ano, non só dende o punto de vista de novas bibliotecas e puntos de lectura (velai temos a nova biblioteca Ánxel Casal de Compostela), senón tamén no incremento de socios e demanda de materiais. O usuario da biblioteca acode a ela para ler a prensa ou para solicitar préstamos. Se cadra, o incremento maior é o de audiovisual, películas e xogos, pero tamén medra a demanda de libro e sobre todo, entre a xuventude, de banda deseñada, logo podemos afirmar que hai unha tendencia crecente da lectura.

Logo está a compra de libros. A min non me importa que o libro se incorpore ao protocolo de regalo social. Din que coa crise ese efecto se notou positivamente, xa que o libro é relativamente económico e ten prestixio, logo é un bo agasallo. Pero Galicia, e imos falar só de nós, mantén un sistema editorial que non resistiría unicamente coa compra de libro institucional, e de librarías que non sobreviviría só do regalo social. Na miña opinión, antes había pouca xente que lía moito

e agora hai moita xente que le pouco, pero o investimento das proposicións ofrece un balance positivo, no que gaña o libro. A lectura compite coa televisión, co cine, con internet, co turismo, pero segue a ser unha referencia de actividade libre para realizar no tempo íntimo do que un dispón.

– Nunca sobran temas, dado que a literatura é algo subxectivo, e cada quen ten dereito a falar do que queira. Pero ¿que temas faltan? ¿Hai algo que botes de menos ou que non se teña feito?

– Nos últimos anos, a literatura galega foi explorando espazos e ocupando territorios polos que antes non se interesara, en parte porque non tivera nin xente nin tempo para facelo, sempre o trauma e o sangue impedindo a construción dunha literatura nacional, que é coma un castelo de naipes, firme e fráxil ao tempo e no que unhas xeracións medran sobre as outras. Agora semella que conseguimos a normalización. Falo por exemplo da literatura de xénero e da infantil e xuvenil, que acadou unha grande transcendencia. Para min, con todo, o proceso máis

“As mulleres digamos que democratizaron a percepción do mundo e ofreceron novas perspectivas sobre as cousas e abriron camiños nunca antes transitados. Faltan cousas, como faltan na literatura española e noutras....”

rexenerador e máis innovador foi o da incorporación das voces femininas, nunha literatura esencialmente masculina, malia ter como elemento fundador unha muller, Rosalía. As mulleres digamos que democratizaron a percepción do mundo e ofreceron novas perspectivas sobre as cousas e abriron camiños nunca antes transitados. Faltan cousas, como faltan na literatura española e noutras. Faltan por exemplo as boas biografías e non temos tradición dese xénero tan particular que é dos libros de memorias, tan habitual noutros países e noutras linguas e que tanto axuda a interpretar e recoñecer a historia.

– ¿Cáles poderían ser as fórmulas máis acertadas para ese fin: elevar o número de lectores novos, que son, obviamente, o público do futuro?

– Para a maior parte dos escritores que coñezo, o importante non é o impacto mediático ou resultado económico do libro, senón o acto mesmo da escrita, aínda que a todos nos gusta que se vendan os libros. Creo que non é tarefa do escritor ocuparse persoalmente de facer publicidade entre os lectores. Quero dicir que o lector debe escribir e outros axentes deben procurar que o que escribe chegue aos lectores posibles. Non é tarefa do escritor conquistar o mercado e, agás excepcións, isto o escritor non o sabe facer ben.

De feito, na miña opinión, en Galicia escríbense libros que poderían ser super vendas se os comparamos con outros que si o son noutras linguas, pero non podemos competir con eles non por falta de autores, nin de xénero, senón por carencia de mecanismos de difusión e venda, sobre

todo pola falta de confianza e de apoio dos medios de comunicación e, tamén, porque en Galicia –supoño que non só aquí– triunfa o que vén de fóra ou o propio que triunfou fóra. Con respecto ás novas tecnoloxías, considero que nelas cabe todo, o bo e o malo, o perverso e o inocente, o honesto e o que non o é. Territorio de descuberta, para conquistar, que ofrece posibilidades ilimitadas, pero territorio aínda confuso e no que o autor, como referencia da obra, desaparece. Na miña opinión, a globalización da rede vai traer aparelado un novo interese polas pequenas editoriais que publican obras de autor, que miman a edición, que traballan moi ben o seu fondo, que manteñen unha relación viva e persoal co lector.

– **Imos falar de literatura e cine...**

– Non todos os casos son felices, velaí o que lle aconteceu a Julio Cortázar que nunca estivo moi conforme co resultado das adaptacións dos seus relatos: *Las babas del diablo*, que deu *Blow Up* de Antonioni, e *Autopista del sur* ou *Week-End* de Godard. Eu participei nalgún dos proxectos desenvolvidos a partir da idea de Un Mundo de Historias de Antón Dobao, que parte desa realidade que ti suxires e que pretende elaborar produtos audiovisuais, para cine ou televisión, a partir da capacidade creativa dos escritores galegos. Eu, como quen di, nacín nun cine, no Xesteira de Ourense onde traballaba o meu pai e vía películas antes de ler. Iso condicionou o meu xeito de narrar.

Eu, e penso que moitos outros escritores do meu tempo, narramos en secuencias cinematográficas, aínda que non todos. Na feira do libro de Oaxaca do ano pasado, participei nun debate con José Manuel Prieto, escritor cubano que reside en Nova York, e el negaba que escribise así. Porén, somos moitos os que si o facemos. Con respecto ao Bosque das antas, que na súa primeira parte si é moi cinematográfico, dicir que existiron dous intentos serios de levala á pantalla por parte de dúas produtoras diferentes, pero non foi posible polos custos, xa que é considerada película de época que precisa dunha boa ambientación, o que encarece a súa realización. Sen dúbida, unha boa relación entre cine e literatura galegos sería bo para os dous mundos. A Asociación de Editores e os produtores chegaron tamén a acordos que plasmaron nun convenio de colaboración. Porén, a min paréceme que hai un coñecemento maior do que se fai no audiovisual por parte dos escritores, que da literatura galega por parte dos directores e produtores cinematográficos, o provoca un desequilibrio e dificulta que algunhas obras poidan ser levadas á pantalla, co que iso suporía de implantación, prestixio e coñecemento. Na relación cine-literatura hai unha sorte de



Retrato de Maribel Longueira

retroalimentación, unhas veces o cine beneficiase da sona que tivo previamente un libro e outras, a película provoca un éxito posterior que antes a obra literaria non tivera, velaí o caso de *Los girasoles ciegos*, libro moi comentado cando sae en determinados círculos relacionados coa memoria histórica, que volve aos escaparates e se fai máis popular cando a estrea da película, aínda que esta sexa unha pobre versión do texto ou, se cadra, por iso.

Con respecto á túa pregunta, falta o da política de adaptacións. A iniciativa Un Mundo de Historias”, deu certo resultado: *A mariñeira*, baseada nun relato de Darío Xohán Cabana; *O club da calceta*, na novela de María Reimóndez, ou a *Biblioteca da iguana*, no relato de Miranda, entre outros, pero é a única iniciativa seria neste sentido e está moi limitada por razóns de presuposto. Esa podía ser unha liña de traballo da Administración ou da axencia do audiovisual.

– **¿Que papel cumpre hoxe o escritor?**

– O escritor comprométese co seu tempo actuando como espe-

llo no que se reflicte a realidade, non necesariamente como cronista, aínda que isto, dalgún xeito, vai implícito.

Convén lembrar aquela interpretación que Italo Calvino facía do mito de Medusa e de Perseo. Segundo el, a Medusa sería a realidade, capaz de paralizar, pero o escritor, Perseo, enfrontaríase a ela a través do escudo ou espello e interiorizando a imaxe que recibe para logo proxectala na obra literaria. Que conste que, máis alá da interpretación de Calvino, neste mito eu síntome máis próximo a Gorgona e máis afastado da fachenda do heroe.

© escritor, na miña opinión, é un referente activo contra o esquecemento. Toda a complexa e rica construción da literatura universal non é máis ca unha arquitectura contra o esquecemento. Se iso é crónica, pois o escritor é cronista. Falamos moito da crise da novela ou da súa morte, isto é un tópico habitual en feiras do libro e ciclos sobre literatura. Eu podo aceptar, con reparos, que a novela estea en crise en occidente e que o relato sexa a alternativa, tanto por cuestións de tempo como pola estrutura narrativa que imos interiorizando, sobre todo por influencia da publicidade, capaz de narrar unha historia en breves segundos. Porén, cando os países sen historia, aqueles que foron colonias ou que estiveron sometidos e que nunca tiveron a oportunidade de se contar, pretenden escribir sobre si, recorren á novela como xeito de construír a historia común. En calquera caso, botan man da literatura, sabendo que o escritor e a súa obra son os referentes activos da memoria, acaso os cronistas.

– **Fala da túa propia experiencia neste último sentido.**

– Toda a literatura que escribo obedece a unha necesidade persoal de interpretar ou contar algo que sucede no contorno. O bosque das antas participou, no seu momento, falo da década dos oitenta, da necesidade recuperar a memoria histórica, cando só algúns escritores nos preocupabamos diso. Tempo de crepúsculo reflexiona sobre a violencia irracional do terrorismo, os seus perigos e as súas consecuencias. En *Sombras no labirinto* o eixe era o abandono do mundo rural e a perda da cultura campesiña galega. Isto por falar das novelas, pasa o mesmo co resto das cousas que escribo. Agora, nos vindeiros días, sairá un libro de relatos, *Para seguir bailando*, na que a maior parte dos relatos responden a cuestións que están no contorno: corrupción administrativa, abuso de menores, o aborto e o dereito da muller a decidir, violencia de xénero, memoria histórica, etc. As novelas xuvenís tamén abordan en temas de actualidade, unha sobre as mafias que trafican con emigrantes, outra sobre a convivencia das culturas.

**Da, como antes
fixeron Baudelaire,
Hugo, Rilke ou
Stevenson, un par
de consellos ós
novos narradores...
“Deixar xermolar a
propia voz, sabendo
recoñecer cando
agroma. Traballar e
ter paciencia”**